

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE TRINTA DE OUTUBRO DE 2017.
EXPTE. 6009/2017.

ASISTENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, ás 13:30 do 30 de outubro de 2017, lévase a cabo a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Jesús Antonio Fernández Cal, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como do Interventor por delegación, actuando como Secretario Accidental do Concello D. José Vivero Russo.

Excusan verbalmente a súa asistencia a concelleira, D^a. María Isabel Rodríguez López, así como a Sra. Alcaldesa D^a. María Loureiro García.

Á hora sinalada para este acto, polo Primeiro Tenente de Alcalde declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 23 -10-17.

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 23 de outubro de 2017.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: Expte. 3114/2017; Expte. 6004/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 6012/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Josefa Campello Bermúdez, con domicilio na rúa Roufelle, n.º 21-baixo Exqda. Celeiro, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a devandita axuda á solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 150 % < 200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	3 horas semanais
Revisión do mesmo:	Anual
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. Josefa Campello Bermúdez, o servizo de axuda no fogar solicitado, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e notificación á interesada.

4.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

EXPTE. 4586/2016.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Daniel Asmerom Araya, para
Folla 2

executar as obras de un muro de contención de terras no inmovible sito en Brieiro-Faro de referencia catastral 5192916PJ1359S0001UH.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Documento en formato CD denominado Proxecto Básico e de Execución para a construción dun muro de contención de terras, asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Oficio de Dirección de Obra asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy.

Visto que, analizada a documentación presentada polo arquitecto municipal, requiríuse ao solicitante a fin de completala coa seguinte documentación: As obras atopanse dentro da zona de policía de leitos do Regato de Muiño, polo que se require da autorización sectorial de Augas de Galicia, de conformidade co Real Decreto 849/86, de 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. Serán de aplicación as condicións establecidas nas autorizacións da Xunta de Galicia, Augas de Galicia.

Dito requerimento foi cumprimentado en data 7 de xuño de 2017, presentando o solicitante no rexistro de entrada deste concello a Resolución de Augas de Galicia, autorizando a construción dun peche de pedra perimetral da parcela.

Visto o informe técnico favorable emitido o 28 de setembro de 2017 polo arquitecto municipal, que se sinala o seguinte:

- **Clasificación e cualificación do solo.**- A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza de aplicación 7.
- **Descrición da parcela.**- Datos catastrais: referencia catastral nº5192916PJ1359S0001UH, Cm Corredoira 8 solo.
- **Descrición das obras a realizar** .- Construción dun muro de colleira de contención de terras.
- **Cumprimento da normativa urbanística.**- As obras proxectadas dan cumprimento co disposto na normativa urbanística de aplicación. **AFECCIONS.**- A parcela atópase dentro zona de servidume do rego do Muiño, obras dentro deste ámbito requirirán da autorización sectorial de Augas de Galicia, Real Decreto 849/86, de 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. Presenta autorización de Augas de Galicia con data 6 de xuño de 2017.
- **Cumprimento da normativa técnica aplicábel.**- O arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.
- **Orzamento.**- O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **5.018,00 €**. Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.
- **Condicionamentos.**- De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.
- **Fianza.**- Establécese unha fianza de **600,00 €**, en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

- **CONCLUSIÓNS.-** Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítase **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores e na **preceptiva autorización sectorial**.

Visto o informe xurídico favorable emitido o 25 de outubro de 2017 polos servizos xurídicos do Concello.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- De conformidade co disposto nos artigos 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan esixibles nos termos da lexislación vixente. Neste caso a parcela atópase dentro da zona de servidume do Rego do Muiño, as obras dentro deste ámbito requirirán da autorización sectorial de Augas de Galicia, Real Decreto 849/86, de 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. O solicitante presenta autorización de Augas de Galicia con data 6 de xuño de 2017.
- O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido á lexislación e ao planeamento urbanístico. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da LSG declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral, na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento, que, no punto 7 do Anexo, regula a ordenanza do solo de núcleo rural. Dito Decreto foi modificado polo Decreto 89/2010. De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obran no expediente, as actuacións cumpren coas previsións da lexislación mencionada.

Conclúe e informe xurídico sinalando que, visto canto antecede, o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme á ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base aos antecedentes obrantes no expediente e con base á proposta de resolución emitida polos servizos xurídicos do Concello, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Daniel Asmerom Araya, licenza municipal para a construción dun muro de contención de terras na parcela sita en Briero-Faro, de referencia catastral 5192916PJ1359S0001UH, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG n.º 1713, **e coa obriga de cumprimento das condicións establecidas na resolución de data 6 de xuño de 2017 ditada pola Dirección de Augas de Galicia autorizando as obras.**

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- Establecese unha fianza de **600,00** euros en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos. Ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interrromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación de cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución de obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 600,00 euros en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

EXPTE. 3459/2016.- MODIFICACIÓN DE PROXECTO E LICENZA DE OBRAS.

Visto o escrito presentado o 26 de abril de 2017 por don Daniel Asmeron Araya, no que solicita a aprobación dun segundo reformado do proxecto básico e de execución correspondente á construción dunha vivenda

unifamiliar no lugar de O Briero, parroquia de Faro, segundo a licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de novembro de 2013, no senso de recuperar as condicións do proxecto inicial.

Visto o informe xurídico obrante no expediente, asinado o 24 de outubro de 2017, no que constan os seguintes antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local do Concello concedeu licenza de obras en data 22 de novembro de 2013 a Daniel Asmeron Araya, para construír una vivanda unifamiliar no lugar de o Briero, parroquia de Faro, no municipio de Viveiro, na finca con referencia catastral 5192916PJ1359S0001UH, composta de semisoto, planta baixa e unha alta, segundo proxecto básico do arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy, asinado en xullo de 2013.
- O interesado presentou, o 10 de outubro de 2014, o proxecto de execución asinado polo citado arquitecto, visado polo COAG en data 29 de setembro de 2014, con número 1406347, que foi verificado de conformidade polo arquitecto municipal mediante dilixencia asinada o 17 de outubro de 2014.
- O 5 de febreiro de 2016 o interesado presenta documentación técnica relativa a un reformado do proxecto básico e de execución, asinada por Francisco J. Hermida Trastoy, arquitecto, e regulamentariamente visada polo COAG o 4 de febreiro de 2016. O arquitecto municipal e a técnico xurídico do departamento de urbanismo informan favorablemente o dito reformado, que foi aprobado en Xunta de Goberno de data 15 de marzo de 2016.
- O 26 de abril de 2017 don Daniel Asmeron Araya presenta escrito no que solicita se aprobe un segundo reformado do proxecto básico e de execución, no sentido de recuperar as condicións do proxecto inicial.
- O arquitecto municipal informa favorablemente o segundo modificado de proxecto básico e de execución de vivanda unifamiliar de semisoto, planta principal e baixo cuberta, que recolle as seguintes modificacións, retomando as propostas do proxecto inicial,
 - Se executarán as escaleiras de subida ao baixo cuberta.
 - Acondicionase o baixo cuberta segundo os planos aportados.
 - Non se varía o exterior da vivanda, nin o seu volume, ni as súas fachadas.
 - Retómase o presuposto incluído no proxecto inicial.

Visto o informe técnico favorable, de 31 de xullo de 2017, emitido polo arquitecto municipal ao segundo modificado de proxecto básico e de execución de vivanda unifamiliar de semisoto, planta principal e baixo cuberta, donde sinala o seguinte:

- **Clasificación e cualificación do solo.**- A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza 7.
- **Datos catastrais.**- referencia catastral nº5192916PJ1359S0001UH, Cm

- Corredoiira 8 solo.
- **Descrición das modificacións.**- Preséntase un segundo modificado proxecto básico e de execución de **vivenda unifamiliar de semisoto, planta principal e baixo** cuberta, que recolle as seguintes modificacións, na liña de retomar as propostas do proxecto inicial:
 1. Executaranse as escaleiras se subida ao baixo cuberta.
 2. Acondicionase o baixo cuberta segundo os planos aportados.
 3. Non se varía o exterior da vivenda, nin o seu volume, ni as súas fachadas.
 4. Retómase o presuposto incluído no proxecto inicial-
 - **Cumprimento da normativa urbanística.**- Non se ven variados os aspectos urbanísticos.
 - **Cumprimento da normativa técnica aplicábel.**- O arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy fai constar que o proxecto modificado cumpre coa normativa técnica aplicábel.
 - **Orzamento.**- O orzamento de execución material, segundo o proxecto presentado, ascende a cantidade de **132.521,00 €**. Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas. **Deberase de facer unha autoliquidación complementaria pola cuantía de 9.311,02 €.**
 - **CONCLUSIONES.**- Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel, emítase **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNES expresadas nos puntos anteriores.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- De conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 16 da Ordenanza Municipal de Tramitación de Licenzas Urbanísticas, as alteracións que pretendan introducirse durante a execución das obras autorizadas precisarán de aprobación municipal só cando supoñan cambios de uso ou afecten ás condicións de volume e forma dos edificios, á posición e ocupación do edificio da parcela, á edificabilidade, ó número de vivendas, ás condicións de seguridade e estética. No presente caso, non se da ningún dos supostos previstos na ordenanza municipal para que as modificacións propostas precisen de aprobación municipal, polo que só cómpre que a Xunta de Goberno se dea por informada das citadas variacións comunicadas polo interesado.
- Como consecuencia da modificación comunicada, que retoma o orzamento recollido no proxecto inicial polo importe de 132.521,00 euros, verificado de conformidade polo técnico municipal, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas, e polo que deberase facer unha autoliquidación complementaria pola cuantía de 9.311,02 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base aos antecedentes obrantes no expediente e con base á proposta de resolución emitida polos servizos xurídicos do Concello, acorda:

Primeiro: Darse por informada das modificacións introducidas na documentación técnica que servíu de base a licenza de obras concedida o 22 de novembro de 2013 a D. Daniel Asmeron Araya para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de O Briero, parroquia de Faro, do municipio de Viveiro, na finca de referencia catastral 5192916PJ1359S0001UH, composta de semisoto, planta principal e baixo cuberta, consistentes en:

- Executaranse escaleiras de subida ao baixo cuberta.
- Acondicionarase o baixo cuberta segundo os planos aportados.
- Non se varía o exterior da vivenda, nin o seu volume, nin as súas fachadas.

Segundo: As modificacións construtivas introducidas non alteran o contido da licenza municipal nin ningunha das condicións baixo as que foi outorgada a licenza de obras, en particular non resultan modificados os prazos para o remate das obras.

Terceiro: Dar traslado do expediente á Tesourería Municipal para que realice unha nova liquidación complementaria pola cuantía de 9,311,02 euros.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

5.- CONTA XUSTIFICATIVA.

EXPTE. 5733/2017.- CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL. MODIFICADO.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión de vintetrés de outubro de 2017, aprobou a Conta Xustificativa da subvención concedida ao Concello de Viveiro ao abeiro da Orde de 19 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Visto que na referida Conta Xustificativa, aprobada pola Xunta de Goberno Local de 23 de outubro de 2017, advertíuse un erro no informe emitido o 16 de outubro de 2017 pola Directora do CIM, no cal, na factura con núm. FAC2017F42 (emitida pola editorial “*Catro ventos editora Soc. Coop. Galega*”), se facturara un concepto (custos de envío) que non correspondía, procedéndose a enmendar o erro cun abono de dito concepto e unha nova factura que substitúe á anterior, xa co importe exacto.

Visto o novo informe emitido, o 26 de outubro de 2017, pola Directora do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Viveiro, que, literalmente transcrito, di:

“(…)”

Que, na Conta Xustificativa aprobada na Xunta de Goberno Local en data vinte e tres

de outubro de 2017, advertido un erro nunha das facturas, onde se tiña facturado un concepto (custos de envío) que non correspondía, procedeuse a enmendar dito erro cun abono de dito concepto e unha nova factura que substitúe á anterior, xa co importe exacto. Este aspecto comúnicase á Xunta de Goberno Local cos Certificados de Intervención e Secretaría nos que se corríxen os importes erróneos (factura e total de cantidade a xustificar).

1º) Visto o **Certificado de Intervención**, que literalmente di:

Sergio Aguado Delicado, Interventor por delegación de sinatura do Concello de Viveiro, en relación coa Subvención concedida para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á Biblioteca Municipal, ao amparo da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017

CERTIFICA:

Que o Concello de Viveiro recibiu unha subvención de 1.758,57 €, da que se tomou razón en contabilidade.

Que o gasto na execución da dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á Biblioteca Municipal ascendeu a 1.758,41 IVE incluído.

Que os fondos públicos destináronse a cumprir os fins da subvención recibida ao amparo da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017

E para que conste e sirva para incorporar ao expediente de xustificación da subvención, emito a presente certificación en Viveiro na data que figura á marxe

Vº e pr.

O INTERVENTOR

A ALCALDESA

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE"

2º) Visto o **Certificado de Secretaría**, que literalmente di:

José Vivero Russo, Secretario Accidental do Concello de Viveiro, en relación á Xustificación da Subvención concedida para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á Biblioteca Municipal, ao amparo da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017

E segundo informe de Margarita Fernández Franco, responsable da xustificación da subvención

CERTIFICA

Que a subvención concedida para a realización da dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á Biblioteca Municipal foi destinada ao cumprimento da finalidade para o que foi outorgada, cun custo total de 1.758,41 €.

Que os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello de Viveiro encadradas dentro da dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á Biblioteca Municipal e, por tanto, imputables á actuación subvencionada son os seguintes:

- 1 Nome da editorial: BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: ESB15635246
Número de factura: C17/30
Importe: 47,35 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017*
- 2 Nome da editorial: EDICIONES BOLANDA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B15969066
Número de factura: M33
Importe: 46 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017*
- 3 Nome da editorial: EDICIÓNS EMBORA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B70472972
Número de factura: A/152
Importe: 47,80 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017*
- 4 Nome da editorial: EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36617496
Número de factura: 7IF000076
Importe: 223,30 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017*
- 5 Nome da editorial: EDITORIAL GALAXIA S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36603314
Número de factura: FF-1701682
Importe: 312,78 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017*
- 6 Nome da editorial: HAPPY FAMILY S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B27704600
Número de factura: T/129
Importe: 43,60 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017*

- 7 *Nome da editorial: HÉRCULES DE EDICIONES S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B15078892
Número de factura: N17-1316
Importe: 55,40 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 8 *Nome da editorial: KALANDRAKA EDITORA S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B36302024
Número de factura: 001/001589
Importe: 134 €
Data de recepción dos libros: 01/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 9 *Nome da editorial: REDRUM PRODUCCIONES S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B70281894
Número de factura: 45/17
Importe: 15 €
Data de recepción dos libros: 12/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 10 *Nome da editorial: SACAUNTOS S. COOP. GALEGA.*
CIF/NIF Acreedor/a: F70486741
Número de factura: Uro81
Importe: 30 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 31/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 11 *Nome da editorial: SANTILLANA EDUCACIÓN, S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B28119261
Número de factura: CV - 20170602407
Importe: 12,95 €
Data de recepción dos libros: 12/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 12 *Nome da editorial: THINKA DISEÑO Y COMUNICACIÓN, S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B22375497
Número de factura: F17/83
Importe: 160,50 €
Data de recepción dos libros: 13/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 13 *Nome da editorial: TOXOSOUTOS, S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B-15400062
Número de factura: 15
Importe: 12 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 31/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 14 *Nome da editorial: SANTILLANA EDUCACIÓN, S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B28119261
Número de factura: CV - 20170804322
Importe: 9,10 €

- Data de recepción dos libros: 31/08/2017*
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 20/09/2017
- 15 *Nome da editorial: ALGAR LIBROS, S.L.U*
CIF/NIF Acreedor/a: B-96753256
Número de factura: 4/1700919
Importe: 31,91 €
Data de recepción dos libros: 31/07/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 16 *Nome da editorial: BELAGUA EDICIONES Y COMUNICACIÓN, S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B27787910
Número de factura: 59/17
Importe: 15 €
Data de recepción dos libros: 01/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 17 *Nome da editorial: CATRO VENTOS EDITORA SOC. COOP. GALEGA*
CIF/NIF Acreedor/a: F27828961
Número de factura: FAC2017F42
Importe: 12 €
Data de recepción dos libros: 01/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
ESTA FACTURA, ACOMPAÑADA DO ABONO DOS CUSTOS DE ENVÍO (3,50 €) COBRADOS INDEBIDAMENTE, SUBSTITÚE Á SEGUINTE:
- 18 *Nome da editorial: CATRO VENTOS EDITORA SOC. COOP. GALEGA*
CIF/NIF Acreedor/a: F27828961
Número de factura: FAC2017F19
Importe: 15,50 €
Data de recepción dos libros: 01/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 19 *Nome da editorial: EDITORIAL GALAXIA S.A*
CIF/NIF Acreedor/a: A36603314
Número de factura: FF-1702259
Importe: 76,50 €
Data de recepción dos libros: 28/07/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 20 *Nome da editorial: HÉRCULES DE EDICIONES S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B15078892
Número de factura: N17-1715
Importe: 34,50 €
Data de recepción dos libros: 28/07/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 21 *Nome da editorial: KALANDRAKA EDITORA S.L*
CIF/NIF Acreedor/a: B36302024
Número de factura: 001/002354
Importe: 13 €
Data de recepción dos libros: 31/07/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017

- Data de pagamento: 02/10/2017*
- 22 Nome da editorial: SANTILLANA EDUCACIÓN, S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B28119261
Número de factura: CV - 20170704858
Importe: 8,65 €
Data de recepción dos libros: 31/07/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 23 Nome da editorial: TÉCNICAS & GRAMAXE, S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B36380483
Número de factura: L-104
Importe: 52 €
Data de recepción dos libros: 07/08/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 24 Nome da editorial: BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: ESB15635246
Número de factura: C17/75
Importe: 14,80 €
Data de recepción dos libros: 26/07/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 25 Nome da editorial: BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: ESB15635246
Número de factura: C17/89
Importe: 10 €
Data de recepción dos libros: 22/08/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 26 Nome da editorial: EDICIONES BOLANDA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B15969066
Número de factura: M86
Importe: 26 €
Data de recepción dos libros: 23/08/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 27 Nome da editorial: KALANDRAKA EDITORA S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B36302024
Número de factura: 001/002589
Importe: 96 €
Data de recepción dos libros: 28/08/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 28 Nome da editorial: EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36617496
Número de factura: 17IF000166
Importe: 144,27 €
Data de recepción dos libros: 28/08/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 29 Nome da editorial: EDITORIAL GALAXIA S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36603314
Número de factura: FF-1702612

Importe: 10 €
Data de recepción dos libros: 05/09/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
30 Nome da editorial: RINOCERONTE EDITORA, S.L.U
CIF/NIF Acreedor/a: B36501880
Número de factura: FDI17189
Importe: 64 €
Data de recepción dos libros: 03/08/2017 e 23/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
Importe total do gasto a xustificar: 1.758,41 €
Subvención concedida: 1.758,57 €
Que non existen outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.”

Visto o certificado relativo ó asunto, emitido polo Interventor por delegación en data 26 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde do 19 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, con base ao novo informe emitido o 26 de outubro de 2017 pola Directora do Centro de Información ás Mulleres, no que se corrixe o erro advertido no seu anterior informe.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Centro municipal de Información ás mulleres, así como ós Departamentos de Tesourería e Intervención municipal.

6.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 6043/2017.- OBRIGAS.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 6043/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis asuntos que tratar, cando son as trece horas e cincuenta e cinco minutos do 30 de outubro de 2017, polo Primeiro Tenente de Alcalde levántase a sesión, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.